

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na estrada AC-552 no municipio de Coristanco

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia para a posta en funcionamento da Comisión Única de Seguimento do Pacto Local

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Augas de Galicia e o Concello de Tordoia para a execución das obras de saneamento na Tarroeira e A Pobanza, parroquia de Castenda por importe de 199.933,01 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Augas de Galicia e o Concello de Ponteceso para a execución das obras de mellora da rede de abastecemento en Corme por importe de 79.751,19 euros

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña, para a realización de probas sobre control de calidade dos hidrocarburos en Galicia, por importe de cento sesenta e sete mil euros (167.000 euros)

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación continua dos empregados públicos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010
- Informe sobre o Plan de renovación de vehículos do Parque Móbil 2010-2013

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de actuacións 2010 do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a concesión do premio *Avedis Donabedian* á excelencia en calidade en saúde pública ao Sistema de Control e Seguimento de Sacrificio en Matadoiros de Galicia (SEMAGA)
- Informe sobre a obtención do selo europeo de excelencia na xestión pola Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia 061

## A XUNTA MELLORARÁ AS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE VIARIA EN MÁIS DE DOUS QUILÓMETROS DA ESTRADA DE CARBALLO-BAIO (AC-552), NO TERMO MUNICIPAL DE CORISTANCO

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas disporá dun orzamento de case 1.900.000 euros para a materialización destas obras*
- *A finalidade desta actuación e garantir a seguridade dos peóns, xa que se trata dunha área poboada pola que discorre unha estrada cun nivel de tráfico importante*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá case 1.900.000 euros para levar a cabo o proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada que une Carballo e Baio (AC-552), ao seu paso polo concello de Coristanco. Esta actuación conta cun orzamento que será asumido ao 100% pola Xunta, e abrangue dous quilómetros.

Concretamente, esta actuación levarase a cabo no treito comprendido entre os puntos quilométricos 35+000 e 37+000, onde se procederá ao acondicionamento de interseccións coa creación de carrís centrais de saída e incorporación, carrís laterais ou cuñas de aceleración e desaceleración, para o que será necesario ensanchar a plataforma nalgunha parte do treito.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este proxecto. A finalidade principal desta actuación é garantir a seguridade dos peóns, xa que se trata dunha área poboada pola que discorre unha estrada cun nivel de tráfico importante.


### **Prazo da obra**

Cómpre sinalar que o prazo de execución destas obras é de 6 meses e beneficiará máis de 7.200 habitantes do concello de Coristanco. Así, estas actuacións licítanse durante este ano e rematarán no terceiro trimestre de 2011.

Nos dous quilómetros construíranse dous carrís de 3,5 metros cada un, con dúas beiravías dun metro e medio cada unha; dous foxos remontables e dúas barreiras vexetais. Ademais, levaranse a cabo dúas sendas de dous metros, foxos, beiravías e unha vía de servizo de 3 metros de ancho.

Para a materialización destas obras será preciso efectuar unha escavación de 5.091 metros cúbicos de terra, cun terraplén de case 7.000 m<sup>3</sup> e dispor de 245 toneladas de mestura bituminosa en quente. Ademais construíranse sendas peonís a drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización e balizamento. Ao remate destes traballos,

este treito viario contará cunha nova urbanización, coa reposición dos servizos públicos e a restauración paisaxística que sexa necesaria.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *O documento establece como fins prioritarios da institución académica a consecución da excelencia na calidade da docencia e a investigación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que recolle os novos estatutos da Universidade de Vigo, despois de que a institución académica realizase as pertinentes modificacións, recomendadas pola Asesoría Xurídica da Xunta tras unha primeira análise da legalidade do texto.

O claustro da Universidade de Vigo aprobou o pasado 10 de novembro por unanimidade a adaptación do proxecto de estatuto ao informe de legalidade emitido pola Xunta de Galicia, trámite tras o que o texto volveu pasar á Asesoría Xurídica, que emitiu finalmente informe favorable.

O documento, composto por 164 artigos, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o que suporá a derogación do Decreto 421/2003, polo que se aprobaban os estatutos vixentes ata a actualidade.

### **Transmisión de coñecemento á sociedade**

A norma institucional básica establece como fins prioritarios da Universidade de Vigo a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e investigación; e o fomento da procura de novos coñecementos, da creación artística e do desenvolvemento científico. Ademais, e como organización pública, a Universidade de Vigo comprométese á difusión dos coñecementos e da cultura á sociedade.

As novas condicións que afectan o eido universitario tamén están presentes no articulado. Deste xeito, outra das metas recollidas é o afondamento na cooperación entre universidades no ámbito internacional e a integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Ademais, a Universidade de Vigo asume a responsabilidade de acollerse a un modelo de desenvolvemento sustentable baseado no respecto, na preocupación e na conservación do medio; e a promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Por outra banda, os novos estatutos establecen que a Universidade de Vigo vai dedicar especial atención ao estatuto e desenvolvemento da realidade histórica, social, económica e da cultura de Galicia; coñecementos que se proxectarán para a solución de problemáticas concretas de ámbito galego mediante programas específicos de docencia, investigación e difusión. Nesta mesma liña, comprométese a



---

detectar, diagnosticar e contribuír á solución dos problemas da sociedade actual, promovendo ao mesmo tempo políticas activas de igualdade e promoción social.

## XUNTA E FEGAMP PORÁN EN MARCHA UNHA COMISION ÚNICA QUE PERMITA UN SEGUIMENTO MÁIS EFICAZ E SIMPLIFICADO DO PACTO LOCAL

- *Con este acordo elimínanse as anteriores comisións e subcomisións que desde a aprobación do Pacto Local amosaron a súa inoperatividade*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha addenda ao acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios (Fegamp) pola cal ambas as entidades porán en marcha unha única comisión de seguimento do Pacto Local. O obxectivo é substituír as anteriores comisións e subcomisións sectoriais, que desde a aprobación do Pacto Local, demostraron a súa inoperatividade no escaso desenvolvemento que tivo ata o día de hoxe o dito pacto.

O 20 de xaneiro do 2006 asinouse o acordo entre a Administración autonómica e a FEGAMP polo que se establecía o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste acordo establecíase a creación de varias comisións mixtas paritarias e sectoriais entre diferentes consellerías e a Fegamp. En total tratábanse de sete comisións máis outra coordinadora, así como subcomisións e grupos técnicos.

Catro anos despois da súa creación maniféstase que este método de seguimento resultaba pouco operativo, polo que a Xunta de Galicia viu a necesidade de darlle un novo impulso para conseguir unha adecuada eficacia.

Neste sentido, mediante a addenda asinada esta mañá, créase unha única comisión paritaria formada por oito membros, catro en representación da Xunta e catro en representación da Fegamp. Esta nova composición permitirá un maior número de convocatorias, estando en todo momento o procedemento coordinado e centralizado na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que é o departamento que ten as competencias en materia de Administración local.

A creación dunha comisión única de seguimento do Pacto Local enmárcase no clima de entendemento e cooperación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, que nos últimos meses acadaron acordos en materias tan importantes como a política urbanística ou o financiamento local.

---

## MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ OBRAS DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CASTENDA, EN TORDOIA, POR UN IMPORTE DE CASE 200.000 EUROS

- *O 100 por cento desta actuación será financiada pola Administración hidráulica de Galicia*
- *A través deste proxecto procederase á instalación dunha pequena estación de tratamento de augas residuais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico-financieira do Goberno galego co Concello de Tordoia para a execución de obras de saneamento nos núcleos de Tarroeira e Pobanza na parroquia de Castenda, no concello coruñés de Tordoia por un importe de case 200.000 euros, dividido en dúas anualidades, polo que neste ano se investirán 100.000 euros e os restantes aplicaranse no vindeiro exercicio.

Esta actuación está prevista no Plan Hidrolóxico de Galicia e promovida desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cómpre salientar que a colaboración técnico-financieira do Goberno galego con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia, que financia o 100% das accións na maioría dos casos para sufragar a escasa capacidade financieira dos concellos.

### **Datos técnicos**

Con esta actuación preténdese resolver os problemas de saneamento e depuración de augas nesta parroquia do concello de Tordoia, polo que se procederá á instalación de 2.710 metros de colectores de gravidade.

Para a depuración, procederase á colocación dunha pequena estación de tratamento de augas residuais prefabricada con filtro biolóxico e capacidade para 300 h-e.

Estas actuacións afectan un dos servizos mínimos municipais, que teñen carácter obrigatorio, polo que estas carencias deben ser resoltas coa présa que a necesidade destes veciños require, na procura do interese público e na mellora da calidade do concello de Tordoia, que neste momento presentan melloras nesta infraestrutura.



## AUGAS DE GALICIA EXECUTARÁ AS OBRAS DE MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO DA LOCALIDADE CORUÑESA DE CORME POR UN IMPORTE DE CASE 80.000 EUROS

- *A finalidade deste proxecto é evitar problemas futuros na rede de distribución e garantir a cobertura das necesidades de abastecemento desta poboación da provincia da Coruña*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico- financeira da Xunta de Galicia co concello coruñés de Ponteceso para a execución das obras de mellora do abastecemento da localidade de Corme, por un importe de case 80.000 euros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financia o 100% das actuacións. O dito importe será distribuído en dúas anualidades, polo que este ano destinaranse 40.000 euros e no 2011, a achega do Goberno galego ascenderá a máis de 39.700 euros.

O obxectivo deste proxecto é evitar problemas futuros na rede de distribución e garantir a cobertura das necesidades de abastecemento desta poboación da provincia da Coruña.

Esta colaboración interadministrativa quedará estipulada nun convenio de colaboración que se asinará posteriormente. Así, o obxectivo deste proxecto hidráulico é renovar os primeiros 430 metros da conducción de distribución que parte do depósito cara a Corme, que actualmente é de fibrocemento de diámetro 200 milímetros e discorre por terreos de titularidade privada. Tamén se substituirá por unha nova conducción de PVC do mesmo diámetro baixo vías públicas e se cambiará o mesmo treito das conducións de desaugue da auga de limpeza do depósito e da impulsión que o alimenta.

Cómpre salientar que as obras obxecto da proposta corresponden ao programa de construción de infraestruturas en concellos, xa que en ocasións as entidades locais non dispoñen dos recursos económicos ou dun orzamento suficiente para financiarlas.

## **ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGA 167.000 EUROS Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A INVESTIGACIÓN SOBRE A CALIDADE DOS HIDROCARBUROS**

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade da Coruña en virtude do cal a Xunta financia a realización de probas de control de calidade dos hidrocarburos en Galicia.

A valoración das actividades previstas neste convenio para 2010 é de 167.000 euros, que serán financiados pola Consellería de Economía e Industria. Deste xeito, o Goberno galego continúa a dar cumprimento á normativa (Real decreto 61/2006) en materia de mostraxe, análise e comunicación das especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos.

Con este acordo prolóngase unha colaboración entre a Universidade da Coruña e a Xunta de Galicia que está a dar cumprimento das expectativas en canto á aplicación práctica do coñecemento en materia de calidade dos hidrocarburos en proveito da garantía fronte aos consumidores e á sociedade en xeral.

## A EGAP QUERE ACADAR EN BREVE A PARIDADE ENTRE A TELEFORMACIÓN E A ACTIVIDADE PRESENCIAL DOS EMPREGADOS DA XUNTA

- *O conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, informou o Consello da Xunta do Plan de Formación Continua do Persoal da Administración autonómica en 2010*
- *O Plan incrementa as prazas (25%), as actividades (44%) e as horas de formación (37%) respecto ao exercicio anterior*

O novo Plan de Formación Continua do Persoal da Administración autonómica para o ano 2010 potenciará a teleformación co obxecto de alcanzar a curto prazo a paridade entre a teleformación e a actividade presencial. Así o informou ao Consello da Xunta de Galicia, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, que destacou que o plan formativo da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para este ano conta con máis prazas (25%), máis actividades (44%) e máis horas de formación (37%) respecto ao exercicio anterior.

Dentro do incremento da oferta formativa destaca o maior número de cursos en materia de linguaxe administrativa galega, que contará con 33 cursos e polo tanto 90 prazas e 255 horas máis de formación que en anos anteriores. Retomárase a formación para xefes de sección e xefes de negociado, que non foran convocados desde 2006, e a inclusión do persoal das entidades estatutarias ou administrativas da Comunidade galega (Parlamento, Valedor do Pobo, Consello de Contas e Consello Consultivo).

O plan tamén fai fincapé na diversificación nas materias formativas, que nesta nova andaina abarcarán asuntos como a igualdade e prevención da violencia de xénero, responsabilidade ambiental, cambio climático e desenvolvemento sustentable, tratamento e xestión de residuos, análise de políticas públicas e de eficacia, formación de formadores en TIC, protección do patrimonio cultural, conservación de especies ameazadas en Galicia, infancia e adolescencia: hábitos alimenticios saudables e normativa sanitaria, mediación familiar, meteoroloxía e climatoloxía, entre outros.

### **Incremento formativo en linguas estranxeiras**

Outra das novidades do Plan formativo 2010 é que se impartirán por primeira vez na EGAP cursos de lingua portuguesa, alemá, chinesa, rusa e árabe, dada a emerxencia das devanditas linguas no marco de globalización actual. Ademais, continuarase con cursos de lingua francesa e inglesa, sendo estes últimos os máis potenciados. Neste sentido, haberá preferencia no acceso para o persoal da Administración que realmente necesite o inglés no día a día dos seus labores; prepararanse os alumnos que o desexen para conseguir un certificado de validez internacional (TOEFL);

realizarase un exame final e incorporarase un nivel adicional de reciclaxe periódica. Ademais, as clases presenciais gravaranse en formato de audio e vídeo para o seu emprego posterior na formación en liña.

Ademais, a EGAP tamén ofertará cursos de conversa de inglés, en grupos de 12 alumnos e 30 horas de formación; e cursos de inglés para altos cargos da Administración galega. Estes últimos serán nos tres niveis –elemental, medio e avanzado- e mediante a modalidade *blended-learning* (mixta, en presencial e teleformación).

Por último, no Plan formativo deste ano destaca o incremento da actividades ofertadas de acordo coa demanda efectiva, a avaliación do alumnado e o profesorado –a través da obtención da certificación de calidade EFQM, European Foundation for Quality Management- e a implantación da EGAP 2.0, como apertura á sociedade e aos empregados públicos galegos nunha relación aberta, bidireccional e constante.

O Plan de Formación Continua do Persoal da Administración autonómica, xunto cos de Administración local e Administración de Xustiza e o Programa de Formación Directiva, Superior, de Especialización e Singular conforman a oferta formativa da EGAP para 2010. Este ano, a pesar de contar con menos orzamentos por motivos de necesaria austeridade, a oferta de prazas para alumnos aumentou de 20.354 a 23.775; é dicir máis dun 10%. Este notable incremento supuxo un importante esforzo formativo e organizativo por parte da Escola de Administración Pública.

## O PLAN DE RENOVACIÓN DO PARQUE MÓBIL RACIONALIZARÁ A DOTACIÓN DE VEHÍCULOS PROGRAMANDO AS ADQUISICIÓNS PARA CATRO ANOS

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre o Plan de renovación dos vehículos do Parque Móbil, que racionalizará a dotación de vehículos programando as adquisicións para os vindeiros catro anos. Os obxectivos son cubrir as necesidades de mobilidade da Administración autonómica, ao tempo que se aumenta a seguridade nos desprazamentos e se reducen os gastos correntes e de mantemento.

Desde o arranque de lexislatura, fíxose un seguimento das necesidades do Parque Móbil e en primeiro lugar elaborouse un inventario de vehículos, determinando o uso a que estaban destinados, a antigüidade, a súa quilometraxe, o estado do vehículo e o destino.

Á vista do inventario, constatouse a necesidade de renovar unha parte importante dos 366 vehículos do parque, xa que algúns deles estaban inmovilizados por avaría ou non resultaban xa adecuados para a circulación pola súa antigüidade, por problemas mecánicos ou de seguridade ou ben polos seus elevados custos de mantemento. Ademais, detectáronse as necesidades para os vindeiros anos e efectuouse unha programación que outorga racionalidade e permite recortar custos.

Os técnicos determinaron que ao longo da lexislatura será necesario contar aproximadamente con 67 novos vehículos, dos cales 58 son para funcións e servizos do persoal, para transporte de material e para repartición, que serán os que se adquieran ao longo de 2010. Nos seguintes anos procederáse á adquisición dos outros nove vehículos, que prestarán servizo a altos cargos. Non está previsto renovar ningún vehículo dos conselleiros ou do presidente da Xunta durante os próximos anos, salvo que se produzan imprevistos ou emerxencias.

Unha das novidades que establece o plan é a entrega en bloque de vehículos en desuso para abaratar a adquisición dos novos. Así, para as adquisicións previstas en 2010 entregaranse a cambio 82 vehículos do Parque, aqueles que non se usaban polo seu mal estado ou polos seus elevados custos de mantemento. Teñen una media de idade de máis de dez anos e máis de 250.000 quilómetros.

Outra das novidades que permitirá incidir no aforro é a decisión de acudir ao *renting* para afrontar as novas adquisicións, cun sistema moderno de xestión da flota que permitirá un aforro de 200.000 euros respecto á compra directa e que no prezo xa

inclúe os seguros e o mantemento dos novos coches, que se estima nuns 140.000 euros anuais.

Todas estas medidas insírense no plan de racionalización do Parque Móbil, que xa comezou a dar os seus froitos, xa que os gastos de todos os vehículos da Xunta pasaron dos 1,4 millóns de euros de 2008 a menos de 900.000 euros en 2009, producíndose así un aforro de 500.000 euros. Para o ano 2010, cando o plan estea plenamente operativo, está previsto que este aforro chegue aos 700.000 euros, superando con creces o obxectivo marcado de reducir un 25% os gastos do parque móbil.



---

## O PLAN RE-FORZA DO IGAPE PARA 2010 PREVÉ ACADAR MAIORES COTAS DE AXILIDADE E EFICIENCIA NUN CONTEXTO MARCADO POLO APOIO Á INTERNACIONALIZACIÓN E Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE

- *O Instituto intensificará os apoios e servizos orientados a impulsar a mellora da competitividade empresarial e a intensificar a internacionalización do tecido empresarial galego cuns orzamentos que medran un 11,7% e un 56%, respectivamente*
- *As liñas de incentivos ao investimento preverán o anticipo parcial das subvencións concedidas, cumprindo así, por primeira vez, un obxectivo dobre: o de incentivo económico e o de prefinanciamento parcial dos proxectos*
- *Para axilizar a xestión traballarase para que os períodos de presentación de solicitudes de axuda non vaian máis alá de 45 días, os períodos de solicitude de liquidación non sexan superiores a un mes e a liquidación das axudas poida facerse dentro da anualidade orzamentaria e nun período non superior aos 45 días dende a solicitude de cobramento*
- *A implantación da factura electrónica ou un sistema de dixitalización e cotexo electrónico permitirán gañar en efectividade e axilidade*
- *O Igape propónse dar en 2010 un impulso que sitúe a Galicia e as súas empresas nos mercados actualmente máis dinámicos e con maior potencial de adquirir os nosos produtos e servizos*

Facilitar apoio con máis axilidade e maior eficiencia son algúns dos obxectivos fundamentais incluídos no Plan re-Forza 2010 do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe). Este plan coñecido hoxe polo Consello da Xunta propónse achegar aos usuarios do Instituto dependente da Consellería de Ecomomía e Industria resposta inmediata ás necesidades máis urxentes das empresas, ofrecer unha visión a medio prazo apostando pola mellora da competitividade e a internacionalización do tecido empresarial, garantir un áxil e rigoroso control dos procesos de xestión e liquidación, e brindar un claro compromiso de contención dos gastos xerais, dentro duns orzamentos que, con todo, medran un 12,89% para poder atender as necesidades do tecido empresarial. Os incrementos orzamentarios máis significativos están nos orzamentos destinados a internacionalización (+56%) e aos programas de investimento, cooperación e competitividade empresarial (+11,7%).

Desde o convencemento de que as dificultades de acceso ao financiamento son de especial relevancia na actividade empresarial, as liñas de incentivos ao investimento preverán o anticipo parcial das subvencións concedidas, cumprindo así, por primeira vez, un obxectivo dobre: o de incentivo económico e o de prefinanciamento parcial dos proxectos que resulten aprobados. Deste xeito, o Instituto confía en estimular a posta en marcha de novos proxectos de investimento empresarial, aspecto

fundamental para impulsar a reactivación da economía. Outra das novidades salientables neste ámbito será unha nova liña para apoiar os investimentos en equipamento no sector dos servizos, facilitando financiamento para proxectos de empresas de todas as actividades económicas non industriais, que non podían acollerse aos incentivos do Igape para investimentos.

### **Axilidade**

Tamén incidirán na mesma liña as medidas orientadas a axilizar a xestión interna, con períodos de presentación de solicitudes de axuda non máis alá de 45 días, períodos de solicitude de liquidación non superiores a un mes e a liquidación das axudas dentro da anualidade orzamentaria e nun período non superior aos 45 días desde a solicitude de cobramento. Outras novidades que se deben salientar son a implantación da factura electrónica, sistema de dixitalización e cotexo electrónico e maior integración electrónica coas entidades colaboradoras (entidades financeiras e SGR) para axilizar a xestión dos apoios. Os períodos de resolución serán máis curtos e haberá posibilidade de incluír pagamentos á conta ou anticipados nos supostos onde a Lei de subvencións o permita; en determinados casos, o Instituto mesmo poderá propoñer ao consello da Xunta a exención de garantías nestes pagamentos adiantados.

### **Competitividade e internacionalización**

O tecido empresarial galego ten que competir con ambición polos mercados nacionais e internacionais, e debe facelo superando de vez un punto de partida onde as miras estaban centradas no mercado interior. Para conquistar novos mercados, as empresas galegas deben incorporar novos procesos facilitadores da competitividade empresarial. Nesa liña, o Igape prevé impulsar:

- Proxectos de elaboración de diagnósticos sectoriais e plans estratéxicos, de innovación e competitividade.
- Titorización de iniciativas de innovación e competitividade.
- Proxectos de inmersión profesional en empresas ou organismos intermedios nacionais ou internacionais.
- Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación

O Plan re-Forza do Igape para 2010 considera igualmente prioritario incrementar o pulso orzamentario no que se refire á competitividade empresarial a través da mellora do capital organizativo das pemes. En concreto, increméntase un 103% o orzamento con destino á innovación tecnolóxica e organizativa así como a realización de plans estratéxicos de mellora empresarial. O Instituto apoiará a elaboración de estudos e diagnósticos para a toma de medidas específicas destinadas á elaboración de plans e protocolos de sucesión na empresa familiar, proxectos de estudo e implantación de medidas de responsabilidade social corporativa (RSC) ou análise económico-

financeiras nas pemes para establecer as hipóteses e previsión de necesidades financeiras a curto prazo e titorización na negociación coas entidades financeiras.

### **Titorización de innovación e competitividade**

Entre as novidades do Plan neste ámbito de mellora da competitividade está dar impulso, mediante consultoría externa, ás análises económico-financeiras nas pemes, para establecer as hipóteses e previsión das súas necesidades financeiras a curto prazo, así como a titorización na negociación coas entidades financeiras, achegando un plan que incremente as posibilidades de obtención de financiamento bancario.

Outro dos novos incentivos será para facilitar a titorización de innovación e competitividade nas pemes. Consistirá na realización de titorías presenciais para orientar o negocio e a xestión da empresa cara á innovación e a mellora da competitividade, mediante a inmersión na peme de profesionais da consultoría estratéxica.

O Plan re-Forza do Instituto para o próximo ano tamén modificará os incentivos a proxectos colectivos empresariais, facilitando o acceso dos solicitantes mediante a flexibilización dos apoios, con impulsos específicos para a formación directiva e a especialización de profesionais das pemes galegas. Entre as principais novidades neste eido están os proxectos de inmersión profesional, destinados a facilitar a inserción de persoal en empresas ou centros tecnolóxicos de fóra de Galicia, tanto nacionais como internacionais.

### **Intensificación da internacionalización**

A aposta decidida da Xunta de Galicia pola internacionalización da peme galega ten un claro reflexo nos orzamentos do Igape para o ano 2010 (o orzamento sobe un 56%) e procurará limar as carencias que rexistran as exportacións galegas. Para revertir esta situación, cómpre potenciar a internacionalización das pemes galegas achegándolles novas oportunidades e espazos de negocio.

O Igape propónse dar en 2010 un impulso que sitúe Galicia e as súas empresas nos mercados actualmente máis dinámicos e con maior potencial de adquirir os nosos produtos e servizos. Para logralo, impulsarase unha política que, sen esquecer os mecanismo de apoio económico –as subvencións- presentes ata a data, poña en valor o desenvolvemento de políticas relativas a:

- Expansión internacional do IGAPE.
- Afondamento nos mecanismos de cooperación empresarial.
- Creación de redes
- Interacción cos organismos financeiros multilaterais.
- Formación e capacitación especializada

- Reforzamento da posición da Xunta coa Galicia empresarial na diáspora.
- Procura do compromiso activo dos sectores empresariais nos procesos de internacionalización
- Definición da imaxe galega como “marca”.

Entre as iniciativas máis novidasas neste ámbito cómpre salientar unha liña de prospección internacional mediante oficinas e exposicións permanentes, e outra de márketing, comunicación e imaxe de marca. No eido dos servizos, está previsto impulsar unha rede de plataformas empresariais no exterior para facilitar o negocio das empresas galegas, que disporán dun espazo con personal cualificado nativo e servizos de asesoramento.

Tamén se procurará dar pulo á internacionalización apoiando a creación de consorcios de exportación e redes de colaboración con axencias de desenvolvemento rexional de Alemaña, China, Xapón e USA, así como a interacción cos organismos financeiros multilaterais como o Banco Interamericano de Desenvolvemento ou o Proxecto Reserga, orientado á internacionalización dos servizos de enxeñaría galegos nos emerxentes mercados latinoamericanos. Por outra banda, procederáse á redefinición da relación de Galicia cos empresarios galegos no exterior para procurar darlle un impulso definitivo; para acadalo, deseñárase un Plan estratéxico da Galicia empresarial na diáspora que permitirá potenciar a rede actualmente existente.

### **Apoios concedidos en 2009**

As axudas concedidas a través das distintas liñas de apoio das que dispón o Igape (apoios directos e coxestionados) medraron en 2009 nun 207,6% con respecto ao ano anterior, pasando de 208 a 640 millóns de euros; o incremento foi especialmente significativo (+1.145%) no apartado dos préstamos subsidiados, pero foi igualmente importante nos capítulos de avais (+148%) e tamén no de subvencións e préstamos directos (+14,4%).

Deste xeito, os investimentos empresariais totais apoiados en 2009 ascenderon a 1.449 millóns de euros, cun incremento do 46% sobre as cifras de 2008. Entre os aspectos salientables cómpre destacar o investimento xerado polo plan re-Móvete, que movilizou vendas de automóviles por importe de 359 millóns de euros.

As solicitudes de axuda recibidas polo Igape en 2009 ascenderon a 33.706, multiplicando por 4,3 as recibidas polo Instituto en 2008. As cifras de solicitudes resoltas durante o ano pasado multiplica por 6,4 os datos correspondentes ao ano anterior. Debido ás medidas de mellora da xestión introducidas durante o exercicio pasado, o Igape resolveu un número similar ao das solicitudes recibidas, pese a rexistrar un incremento de solicitudes dun 428%.

## SANIDADE RECIBE UN PREMIO POLO SEU SISTEMA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA INSPECCIÓN SANITARIA NOS MATADOIROS

- *Trátase dun galardón que outorga a Fundación Avedis Donabedian á excelencia na calidade de proxectos de saúde pública, e está patrocinado pola Axencia de Protección da Saúde de Cataluña*
- *Xa hai 14 establecementos co dispositivo a pleno funcionamento, o cal supón ao redor do 80% do sacrificio de gando vacún da Comunidade Autónoma e, durante o 2010, implementarase o sistema en doce matadoiros máis, o que supón máis do 90% de sacrificio de gando vacún*

A Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade recibiu onte o galardón á excelencia na calidade polo seu Sistema de Control e Seguimento da Inspección Sanitaria en Establecementos de obtención de carnes para consumo (SEMAGA). Trátase do premio da *Fundación Avedis Donabedian* á excelencia na calidade de proxectos de saúde pública, que está patrocinado pola Axencia de Protección da Saúde de Cataluña, e que ten como obxectivo estimular todas as institucións que están desenvolvendo esforzos de mellora continua da calidade no ámbito da Saúde Pública a presentarse e ver recoñecido o seu traballo.

Este sistema iniciouse no ano 2000 para mellorar o control sanitario do sacrificio de gando bovino. Deseñouse para proporcionar, dunha banda, maior seguridade e eficacia aos servizos veterinarios, permitindo que en todo momento poidan acceder a toda a información previa e facilitando a comunicación entre servizos. Doutra banda, ofrece confianza a toda a cadea: organización sanitaria, usuarios, veterinarios, empresas, detallistas e consumidores; pois proporciona un método rastrexable ofrecendo garantías de calidade con información na etiquetaxe da carne e reducindo así a incerteza dos consumidores.

O Sistema SEMAGA funciona nos matadoiros máis grandes de Galicia e iranse incorporando a esta iniciativa o total de matadoiros. Así, xa hai 14 establecementos co dispositivo a pleno funcionamento, o cal supón ao redor do 80% do sacrificio de gando vacún da Comunidade Autónoma e, durante 2010, implementarase o sistema en doce matadoiros máis, o que supón máis do 90% de sacrificio de gando vacún.

Actualmente, trátase dunha iniciativa pioneira, pois non existe ningún proxecto similar no que, ademais, se aplican tecnoloxías de última xeración en canto a sistemas de radio frecuencia e dispositivos persoais de información, seguimento a tempo real vía web, ou interconexión departamental.

### **Máis seguridade na inspección e menor risco para a saúde**

SEMAGA deseñouse como unha ferramenta que facilita a acción inspectora do control e seguimento do sacrificio dos animais, á vez que implanta un sistema que garante a rastrexabilidade de todos os procesos, incluída a etiquetaxe. Así mesmo, poténcianse os mecanismos de comunicación entre os órganos da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación e os servizos veterinarios oficiais.

Grazas ao SEMAGA, a Consellería de Sanidade conta cun soporte telemático para automatizar a xestión dos procesos de control oficial nos matadoiros, rexistrar a información alí onde se produce e poñela á disposición de todos os usuarios do sistema en tempo real. Isto posibilita dispor dun apoio importante para a toma de decisións a todos os niveis de decisión.

Entre outras melloras, o sistema proporciona os datos necesarios para identificar e minimizar ameazas relacionadas coa saúde, incrementa a probabilidade de que os servizos veterinarios teñan criterios uniformes e reduce a administración baseada en papeis e os seus custos asociados.

### **Proceso da inspección nos matadoiros**

A Consellería de Sanidade, a través dos seus servizos de Inspección de Saúde Pública destacados nos matadoiros, ten a misión de protexer a saúde dos consumidores en relación a calquera risco transmitido pola carne dos animais de abasto.

A actividade inspectora nos matadoiros comeza pola revisión dos animais antes do seu sacrificio, isto é, compróbase a documentación que acompaña os animais, e revísase o seu estado de saúde, co fin de detectar posibles signos que fagan sospeitar de calquera anomalía que fixera que as súas carnes non puideran consumirse.

Se o ditame desta inspección, anterior ao sacrificio, é desfavorable, o animal sacrifícase pero destínase a comiso directo, marcándose oportunamente e almacenándose, de xeito separado ao resto, ata que o retira das dependencias unha empresa autorizada.

Se o ditame é favorable, o animal sacrifícase e a súa carne e despozos sométense a outra inspección co fin de detectar calquera anomalía interna. Se é así o inspector decide o comiso de todo o animal ou da parte afectada, segundo o caso, e séguese o mesmo proceso descrito anteriormente. Se non se detectan anomalías, o inspector sela a carne que se pode destinar ao consumo humano directo, e cobre os documentos que deben acompañar a carne durante o seu transporte ata o destino final.



## URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 OBTÉN O SELO DA EXCELENCIA NA XESTIÓN DA FUNDACIÓN EUROPEA PARA A CALIDADE NA XESTIÓN

- *Supón un recoñecemento da posta en marcha de diversos procesos que repercuten tanto na xestión dos recursos como na calidade asistencial prestada a toda a poboación galega*

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente da Consellería de Sanidade, obtivo o Selo de Excelencia 200+ da Fundación Europea para a Calidade na Xestión (EFQM), o que supón un recoñecemento da posta en marcha de diversos procesos que repercuten tanto na xestión dos recursos como na calidade asistencial prestada a toda a poboación galega.

Con este Selo, o Club da Excelencia en Xestión galardoa a Urxencias Sanitarias 061 por superar o nivel dos 200 puntos tras un arduo proceso de avaliación da súa calidade na xestión. A implantación do modelo EFQM en Urxencias Sanitarias 061 supuxo un importante esforzo na posta en marcha de diferentes medidas de xestión e coordinación destinadas a promover unha cultura de excelencia, así como a ofrecer unha concepción integral de todo o servizo no compromiso coa análise, avaliación e desenvolvemento dun plan de mellora continua.

A aplicación deste modelo iniciouse no ano 2008 a través dunha autoavaliación na que se realizou unha análise en profundidade da sistemática de organización e xestión da FPUS-061, segundo a metodoloxía do esquema de recoñecemento establecido polo Club da Excelencia. Este sistema permitiu a Urxencias Sanitarias detectar puntos fortes e áreas de mellora, e iniciar unha situación de partida para acadar un nivel de excelencia e, ademais, para obter o seu recoñecemento. Ao mesmo tempo, procedeuse a definir, novamente, e de forma adaptada ao momento actual, a misión, visión e valores da organización.

Tras concluír a autoavaliación, obtivéronse máis de 200 puntos, o que permitiu á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 optar o Selo do "Compromiso coa Excelencia". Grazas ao traballo e o esforzo realizado para acadar este galardón identificáronse as áreas de traballo e reforzo, entrando así nunha dinámica de mellora continua a través das accións de valoración, procedementos e establecemento de indicadores da calidade na xestión.

Cara ao futuro, o obxectivo da Fundación é consolidar o nivel de excelencia acadado, así como tentar conseguir o paso seguinte na excelencia: o selo 300+, aínda que, de xeito inmediato, vanse implantar novas medidas, procesos e valoraranse os

---

indicadores de xestión para reforzar o obxectivo principal de todo o proceso, que non é outro que mellorar a asistencia e a accesibilidade dos usuarios ao noso servizo.